CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

TENENCIA DE ALCALDÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA.

Monforte de Lemos, 14 de setembro de 2021.

ALEGACIONS Ó BORRADOR DO ANTEPROXECTO DA LEI DE MELLORA DA XESTION DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

O día 13 de agosto de 2021, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos un oficio da Directora de Augas de Galicia, Dona Teresa Mª Gutiérrez López, onde se nos comunica que:

"o prazo para a presentación de suxestións finalizará o vindeiro día 15 de setembro de 2021, suxestións que ademais da forma indicada no enderezo web, poderán presentarse mediante escrito dirixido á Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia".

En base a elo, este Concello de Monforte de Lemos ten a ben interpoñer as seguintes **ALEGACIÓNS**:

PRIMEIRA.- O Concello de Monforte de Lemos manifesta, os compromisos adquiridos no denominado como Pacto Local da Auga que pretendeu impulsar a Xunta de Galicia e a FEGAMP no ano 2013. Este Anteproxecto de Lei pretende ser o herdeiro daqueles compromisos, no marco daquel protocolo, cuxas liñas fundamentais seguen de plena aplicación na actualidade, polo que consideramos axeitado o impulso dun texto legal nesta materia, a pesares do tempo transcorrido en que a Xunta leva sendo gobernada polo Partido Popular dende 1981 a 1987, de 1989 a 2005 e de 2009 ata a actualidade, de maneira continuada.

Este retraso administrativo neste ámbito significou que en moitas ocasións outras administracións, incluída a europea, chamasen a atención sobre a obrigatoriedade de tomar medidas para a xestión integral dun recurso tan importante como é a auga.

Tras o estudo do Anteproxecto, temos que manifestar as nosas discrepancias ante o mesmo, xa que este Anteproxecto de Lei que presenta a Xunta de Galicia, pretende impor un modelo no que se establece que as Administracións Locais, é dicir, Concellos e Deputacións, ademais da Xunta de Galicia, financien un terzo dos custos da implantación dos proxectos de mellora da xestión do ciclo integral da auga nos Concellos de menos de 20.000 habitantes e, para os demais, en atención a dispoñibilidade orzamentaria.

CSV: 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Réxime Interior - 14/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2021 13:52:14

DOCUMENTO: 20210514312
Fecha: 14/09/2021
Hora: 13:52

Cabe destacar que este texto presentado pola Xunta de Galicia está sen acordar, sen debater, sen negociar e sen dialogar cos principais afectados como son as Administracións Locais, e moito menos pode pretender unha obriga igualitaria entre a Xunta de Galicia e os Concellos.

O Anteproxecto de Lei pretende obrigar a financiar obras de competencia claramente autonómica ás Administracións Locais, tanto Concellos (1/3) como as Deputacións (1/3). As competencias das Deputacións Provinciais están dirixidas a garantir os servizos e dereitos dos Concellos de menos de 20.000 habitantes sempre e cando estes estean ligados ás competencias dos concellos.

SEGUNDA.- É lesivo para as competencias das entidades locais e atenta contra a autonomía local, consagrada na Constitución. Este Anteproxecto pretende que os Concellos teñan a obriga de achegar recursos, dos que carecen, como si tivésemos as mesmas competencias e o mesmo orzamento que a Xunta de Galicia, para financiar o investimento en infraestruturas hídricas previas a que as explote e xestione Augas de Galicia.

Segundo a Xunta de Galicia, o reparto dos costes das obras farase equitativamente entre Augas de Galicia, Deputacións Provinciais e Concellos, sen contar os Concellos e as Deputacións na decisión, deseño e orzamento das mesmas. Polo que esta medida supón unha inxerencia total na independencia dos Concellos por parte da Xunta de Galicia e o investimento forzoso de fondos orzamentarios pertencentes a estes, de xeito arbitrario xa que non contarían con poder decisorio ningún.

TERCEIRA.- Este Anteproxecto quebra o principio de suficiencia financeira. A Xunta de Galicia financia de xeito completamente insuficiente ás entidades locais, é mais, transfírelles competencias e non orzamento para levalas a cabo. Obrigar ós Concellos a asumir custos de obras das que no son competentes significaría a redución de recursos para realizar outras acción, proxectos e actuacións que lle son propias e dentro da súa liberdade de xestión.

Os propios concellos, en base a autonomía local, son os propios coñecedores das necesidades e prioridades de execución dos proxectos nos seus territorios.

CUARTA.- Incremento dos custes da prestación dos servizos. A procura dunha estabilidade orzamentaria é o obxectivo de todas as Administracións públicas, o obxectivo ten que entenderse referido ó orzamento municipal no seu conxunto, de maneira global, e non aplicarse a cada unha das partidas que o configuran. De aplicarse así, a recuperación dos custe de todo aquelo que ten que ver coa xestión integral da auga obrigaría, nos Concellos pequenos, á imposición duns gravames, en moitos casos, inasumibles para moitos usuarios e usuarias.

CSV: 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Réxime Interior - 14/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2021 13:52:14

DOCUMENTO: 20210514312
Fecha: 14/09/2021
Hora: 13:52

No Anteproxecto pódese ver que tanto derogan como se crean e se modifican diversos canons vinculados ó ciclo da auga, como son a desaparición do canón de coeficiente de vertedura e a creación de dous novos canons como son o canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de rede de colectores en substitución do derogado, que por certo, o actual recaudano os Concellos para a Xunta de Galicia a cambio de nada, salvo convenios arbitrarios por parte de Augas de Galicia.

Coa creación destes dous novos canons vese claramente que o recibo sobre os usuarios e usuarias aumentaría inevitablemente e en gran medida, en moitos casos, inasumible.

Dado que o subministro de auga potable non ten o mesmo custe en todos ós Concellos, tampouco pode haber o mesmo prezo por m^3 para os cidadáns. Nos custa o mesmo en Santiago que en Sarria ou Monforte de Lemos.

Cabe mencionar que nestes dous novos canons incorpóranse ademais dúas modalidades máis para o seu pagamento, o de uso urbano e a das fosas sépticas, sumados ó xa existente canon de vertedura (uso doméstico, uso asimilado ao doméstico e usos non domésticos).

No relativo ó de usos urbanos os suxeitos pasivos serán as propias Entidades Locais as que se lles preste o servizo de depuración por parte da Xunta de Galicia.

No outro, o das fosas sépticas, os suxeitos pasivos serán os propios titulares das fosas que realicen o baleirado nas instalacións de depuración xestionadas por Augas de Galicia, estando o cálculo composto por unha couta fixa e unha variable.

Pero ademais, o Anteproxecto establece un novo canon, o denominado “canon de xestión de abastecementos pola prestación do servizo de subministro en alta de auga por Augas de Galicia”. A xestión, inspección e recadación corresponde a Augas de Galicia e son os suxeitos pasivos as Entidades Locais e a cidadanía a través de novos canons impositivos.

Ademais dos novos tributos que terían que pagar os Concellos que se adherisen voluntariamente ó convenio, a adhesión, di o Anteproxecto, é voluntaria, habería que sumarlle a carga administrativa que conleva a xestión e recadación destes tributos autonómicos que farían os Concellos para a Xunta de Galicia, cando debería ser ela mesma quen recade os seus impostos e taxas. Tributos que repercutiranse, na súa integridade, na Comunidade Autónoma, non nos Concellos que os recadan e xestionan.

O Anteproxecto de Lei descoñece a realidade do medio rural galego, onde un bo número das redes de abastecemento son de titularidade veciñal, e non municipal. A escasa dimensión de ditas redes, ademais, non permite a adopción de certas medidas sen incorrer nun disparatado sobredimensionado das mesmas.

CSV: 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Réxime Interior - 14/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2021 13:52:14

DOCUMENTO: 20210514312
Fecha: 14/09/2021
Hora: 13:52

QUINTA.- Dúbidas sobre a utilización de convenios de adhesión voluntaria. Os convenios onde se articulan a prestación do servizo por Augas de Galicia, onde as infraestruturas son de titularidade municipal, non deberían ser a única forma pola que a Xunta de Galicia participe no marco das súas competencias na colaboración do ciclo integral da auga.

Os convenios teñen que ter o consentimento das partes implicadas, non unha imposición unilateral de criterios e condicións impostas pola Xunta de Galicia. O borrador do anteproxecto parece constituír como obrigatorias ó circunscribir a súa colaboración coas Entidades Locais única e exclusivamente ó desenvolvemento da devandita figura xurídica.

É destacable que os Concellos que non subscriban un convenio para a xestión das infraestruturas do ciclo da auga, por parte de Augas de Galicia, carecerán doutros mecanismos de colaboración por parte da Xunta de Galicia e das garantías que a xestión por parte da autoridade autonómica outorgaría fronte as posibles sancións por incumprimentos da súa rede derivadas das labores de inspección por Augas de Galicia.

Refléxase que, con carácter previo, á subscrición dos convenios, Augas de Galicia elaborará un informe técnico, administrativo e económico da situación das infraestruturas e despois, en base a dito informe, elaborará unha proposta de condicións de xestión. Non se articula mecanismo algún para que as condicións sexan negociadas, nin se prevén períodos de audiencia para os Concellos afectados.

Polo exposto, **SOLICÍTASE** polo Concello de Monforte de Lemos que o Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga sexa rexeitado e/ou modificado, establecendo cales son as competencias de cada Administración e que cada unha das implicadas asuma os custos das competencias que lles corresponda, negociado previamente coa FEGAMP.

É a Xunta de Galicia quen ten que asumir as súas competencias financiando de xeito apropiado as mesmas.

Gloria María Prada Rodríguez
Primeira Tenente de Alcalde do Concello de Monforte de Lemos

CSV: 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007D90800N2E3W4A8W7Z5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Réxime Interior - 14/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2021 13:52:14

DOCUMENTO: 20210514312
Fecha: 14/09/2021
Hora: 13:52